


CUARTOS

La red

- Alto 75 cm.
- Ancho 6,1 m.

Es una malla de nylon oscura ribeteada por una cinta blanca. Entre la parte superior de la red y el suelo hay 1,55 m.

La pista



El acabado del suelo debe ser mate, sin brillos y antideslizante. Las líneas forman parte de la superficie de juego.

Zapatillas

Un jugador puede hacer más de 6 kms. durante un partido por lo que el calzado debe ser ligero y con una suela que evite la abrasión del pie.

Suela acolchada

Piel sintética

Raqueta

Es ligera y rígida gracias al uso de materiales como la fibra de carbono y el titanio.



Volante

Los de competición están fabricados con plumas de oca fijadas a una base de corcho recubierta de cuero. Existen también los de plástico.

Los españoles


Son los primeros clasificados por méritos propios (en el 22º del ranking). Quedan posibilidades de conseguir dos plazas en individual y una en mixto.

Modalidades

- Mas. Fem. Mixto
- Individual ■ ■
 - Dobles ■ ■

El juego

Se disputa entre dos jugadores (individual) o cuatro (dobles). Para conseguir un punto, el jugador en posesión del servicio envía el volante al campo del contrario sin que éste lo devuelva. El individual femenino se juega a tres sets de 11 puntos cada uno y el resto de las modalidades a 15 puntos. Gana el primero que suma dos juegos.



El servicio

El jugador que sirve debe golpear el volante por debajo de la altura de la cintura.



Principales golpes



Formas de golpeo



Los españoles

Son los primeros clasificados por méritos propios (en el 22º del ranking). Quedan posibilidades de conseguir dos plazas en individual y una en mixto.



Sergio Llopis

Xàtiva / 18-8-78
Club Rinconada Sevilla

José Antonio Crespo

Málaga / 24-6-77
Badminton Benalmádena

CEIP FOGAR BADMINTON



ESPECIAL
BADMINTON

REGULAMENTO DO
MINIBÁDMINTON

XESTOS

IMAXES

BADMINTON


CEIP FOGAR
BÁDMINTON

Nas clases de educación física os alumnos e alumnas de 4º e 6º de primaria estiveron aprendendo, afianzando e xogando ao bádminton. Penso que os nenos, en xeral, disfrutaron deste deporte e que lles vai quedar un bo recordo. Non usamos as regras do bádminton para adultos se non que me basei no reglamento de minibadminton da federación española de atletismo. Iso si, facendo modificacións e simplificando as regras o máximo posible.

REGRAS DO XOGO DO MINIBADMINTON

1. PISTA

A pista do minibádminton establécese tomando como referencia a pista de bádminton estándar, tal como se reflexa nestas imaxes:




Sen embargo no colexio as dimensións son distintas: os campos que hai marcados só teñen pintadas as liñas do campo de dobres e dado que só hai 3 campos pintados non chegarían para educación física. O que facemos nas clases é adaptar as dimensións do pavillón as nosas necesidades.

1 Poñemos unha goma ao ancho do polideportivo de maneira que podemos usar os 3 campos xa marcados.



2 Poñemos tamén unha goma ao longo do espacio sobrante e marcamos os campos con conos para que poida xogar toda a clase en partidos individuais ou por parellas.

3 Lóxicamente as dimensións dos campos non son iguais pero os nenos e nenas xogan coas mesmas vantaxes e inconvenientes. As dimensións dun campo oficial son: 13,40 x 5,18 en individuais e 13,40 x 6,10 en parellas.



BADMINTON

CEIP FOGAR
BÁDMINTON

2. VOLANTE

Hainos de diferentes materiais(de pluma natural e sintética) pero nas nosas clases usamos os volantes de materiais sintéticos.

As partes do volante son as que seguen:

Base ou cabeza, normalmente de cortiza cuberto de coiro ou un material sintético.

Falda. Simulación de plumas con materiais sintéticos.

Existe unha proba para saber se o volante está en boas condicións para usar e ao mesmo tempo para saber quen ten a prioridade de saque pero isto é algo que non lle digo aos alumnos e alumnas do colexio.

3. RAQUETA

As partes da raqueta que se lle dixeron aos rapaces son:

Cabeza: onde está a cordaxe(rodéaa).

Garganta: parte da raqueta que une a cabeza co pao.

Pao: parte da raqueta, de lonxitude variable, que remata no mango.


Mango: Parte da raqueta que o xogador agarra para manexala.

Dependendo de onde se busque a información poderanlle dar diferentes nomes(p.ex: a garganta sería cruceta, pao sería caña e o mango sería empuñadura)pero eu creo que desta maneira queda claro.

4. TANTEO

Nas sesión de educación física os partidos tiñan unha duración variable. Explicóuselles que os partidos de minibádminton xóganse ao mellor de tres xogos(sets)coas seguintes regras:

1 Gaña o primeiro xogo o equipo que consigue 15 puntos.



2 Se hai empate a 14 puntos



3 hai que gañar o set por unha diferenza de dous puntos.P.ex:16-14;17-15,....



3 Nestes casos habería que seguir xogando porque só van gañando de 1.



4 Se se chega con empate a 20



5 o lado que consiga o punto 21 gañará o set.




Sen embargo, nas sesións de educación física o tanteo era variable, de maneira que había alumnos que xogaban sen ter en conta o resultado: uns xogaban coas regras oficiais, outros facíanno con tanteo máis baixo(7,9 puntos), sabendo que o obxectivo final era que aprenderan e ao mesmo tempo adaptar o deporte ás características de cada neno ou grupo de nenos.

BADMINTON

CEIP FOGAR
BÁDMINTON

5.SAQUE OU SERVIZO

Nas regras oficiais de minibádminton hai unhas zonas determinadas para sacar e tamén para situarse o servidor e o receptor.



Sen embargo, nas clases non as usabamos coa intención de simplificar as regras. O que si se lles dixo foi:

No momento de golpear o volante, o mango da raqueta debe apuntar cara abaixo, de maneira que a totalidade da cabeza da raqueta esté completamente por debaixo do pulso da man que sostén a raqueta. Hai que golpear o volante antes da altura do van.



Puntuación e servizo: Aquí explíqueilles que se pode xogar con cambio de servizo ou sen el.

CON CAMBIO DE SAQUE

Cando o lado servidor gaña a xogada, consegue un punto e segue sacando. Cando o lado receptor gaña a xogada: non consegue punto, logra o que se chama cambio de saque e pasa a sacar el.


SEN CAMBIO DE SAQUE

Cando o lado servidor gaña a xogada, recibe un punto e segue sacando. Se o receptor gaña a xogada, consegue tamén punto. O lado receptor pasará a ser lado servidor.

6.XOGOS DE INDIVIDUAIS

Xogaban na zona sombreada de amarelo.


O tanteo e o servizo variabámolo segundo as necesidades.



7.XOGOS DE DOBRES

Xogaban na zona sombreada de amarelo.

As regras do xogo de dobres parecenme bastantes complicadas para explicar en tan pouco tempo. Hai bastantes factores a ter en conta tanto nas posicións dos xogadores como no momento e lugar de saque. Decidín que xogaran coas mesmas regras de individuais aínda que houbo alumnos que quixeron ir un pouco máis alá. Eu deixei-lles.




BADMINTON

CEIP FOGAR
BÁDMINTON

PRINCIPAIS GOLPES


CLEAR

É un golpe eminentemente defensivo, de traxectoria alta, semi-parabólica e que busca o fondo da pista. Unha vez que se ten ao rival no fondo, pódese facer un drop.



Na imaxe vemos como o volante vai dirixido cara o fondo da pista


DROP



Na imaxe vemos como se intenta que o volante quede preto da rede

LOB

Faise cerca da rede e é eminentemente defensivo. É un golpe de man baixa co que se busca o fondo da pista. Pódese facer de dereita ou de revés e despois de diferentes golpeos.



Na imaxe vemos como o volante vai dirixido cara o fondo da pista

DRIVE



Golpeo de media altura ofensivo. Golpéase lateralmente e sempre co volante por diante do corpo. Úsase moito en parellas para non frear o xogo.

SMASH

É o golpe de ataque por excelencia. A traxectoria é descendente e tensa. similar ao clear pero coa raqueta por diante do corpo intentando que o volante caia rectilíneaente.



BADMINTON

CEIP FOGAR
BÁDMINTON

Premendo na imaxe de abaixo poderás ver un vídeo dos rapaces de 4º B xogando a badminton.



BADMINTON

CEIP FOGAR
BADMINTON

Se premes na imaxe de abaixo poderás ver tódalas fotos que se sacaron durante as sesións de educación física.



